

Jean Echenoz

Correr



Os alemáns entraron en Moravia. Chegaron a cabalo, en moto, en coche, en camión, pero tamén en calesa, seguidos por unidades de infantería e de columnas de avituallamento, e logo algúns vehículos semieiruga de pequeno tamaño e pouco máis. Aínda non chegou o momento de ver enormes tanques Tiger e Panther conducidos por tanquistas con uniforme negro, que será unha cor moi práctica para ocultar as manchas de aceite. Uns Messerschmitt monomotores de recoñecemento tipo Taifun sobrevoan a operación, pero, como soamente teñen o encargo de asegurarse dende o alto de que todo transcorra apraciblemente, nin sequera van armados. Só é unha pequena invasión lóstrego do máis suave, unha pequena anexión sen espaventos, aínda non é a guerra propiamente dita. É só que os alemáns chegan e se instalan, máis nada.

O alto mando da operación desprázase en automóbiles Horch 901 ou Mercedes 170 cuxos vidros traseiros, cubertos con cortinas grises finamente plisadas, non deixan distinguir ben os xenerais. Máis expostas, as calesas van ocupadas por oficiais de menor gradación con longos capotes, gorras altas e cruces de ferro apertadas baixo o queixo. Os cabalos levan outros oficiais ou remolcan cocinas de campaña. Os camións que transportan tropas son do modelo Opel Blitz e as motos, pesadas Zündapp con sidecar pilotadas por xendarmes con cascos de barbicacho metálico. Todos estes medios de transporte van adornados con oriflomas vermellas cun círculo branco que contén esa

cruz negra algo especial que xa non necesita presentación e que os oficiais exhiben tamén nos seus brazaletes.

Cando hai seis meses toda esta tropa se presentou nos Sudetes foi bastante ben recibida polos habitantes alemáns da rexión. Pero agora, ao outro lado da fronteira de Bohemia-Moravia, a acollida é claramente máis fría baixo o ceo baixo e plúmbeo. En Praga, a tropa entrou no medio dun silencio pétreo, e tampouco na provincia morava a xente se amoreou á beira das estradas. Os que se aventuraron a facelo contemplan este cortexo con menos curiosidade ca circunspección, por non dicir franca antipatía, pero algo lles di que mellor non facer chanzas, que non é o momento de significarse.

Emil non se sumou a estes espectadores porque ten moitas outras cousas que facer. En primeiro lugar, como hai tres anos que deixou a escola que a súa familia non tiña medios para pagarlle, desempeña un posto de aprendiz nunha fábrica co que tamén é mellor non facer chanzas. Despois, cando sae do taller, vai a clases de química coa idea de algún día ser algo máis ca un aprendiz. Cando por fin pode volver á casa, bótalle unha man ao seu pai no xardín, que non é un xardín ornamental, senón o lugar onde deben cultivar o que comen, punto sobre o cal se fan aínda menos chanzas. Emil ten dezasete anos, é un rapaz alto e louro de cara triangular, bastante guapo, bastante tranquilo e que sorrí decontino, de modo que se lle ven os dentes grandes. Ten os ollos claros e a voz aguda; a pel, moi branca, é das que temen o sol. Pero hoxe do sol non hai nin rastro.

Tras entraren en Moravia, os alemáns instálanse alí e ocupan Ostrava, cidade do carbón e do aceiro preto da que naceu Emil e onde prosperan industrias, as máis importantes das cales, Tatra e Baťa, propoñen un medio de avanzar: o coche ou o zapato. Tatra crea bonitos automóbiles, moi caros, e Baťa produce calzado non moi malo nin moi caro. Cando alguén busca traballo acode a unha ou a outra. Emil foi dar á fábrica de Baťa en Zlín, cen quilómetros ao sur de Ostrava.

É interno na escola profesional e axudante na sección de caucho, que todo o mundo prefire evitar polo fedor. O taller onde o destinan ao principio produce cada día dous mil douscentos pares de zapatillas de tenis con solas de goma, e o primeiro traballo de Emil consiste en igualar esas solas cunha roda dentada. Pero as cadencias son infernais, o aire irrespirable, o ritmo demasiado rápido, a menor imperfección penalízase cunha sanción, o mínimo atraso descóntaselle do salario xa exíguo, e axiña non pode máis. Daquela, cámbiano de posto e destínano á preparación das formas; esta tarefa non é menos penosa, pero alí non cheira tan mal, e aguanta.

As cousas seguen así durante un tempo, ata que se van arranxando. A base de estudar con tanto empeño como pode, Emil consegue que o destinen ao Instituto Químico, que lle presta máis. Aínda que o traballo consiste en preparar celulosa nunha xélida nave ateigada de bombonas de ácido, Emil séntese moito máis a gusto. Certamente pre-

feriría estar no laboratorio, participando no perfeccionamento da viscosa ou no desenvolvemento da seda artificial, pero, namentres, asegura que aquilo lle gusta. Gústalle tanto que o enxeñeiro xefe, satisfeito del, o anima a asistir ás clases nocturnas da Escola Superior. Aos poucos vaise perfilandando unha modesta pero digna carreira de químico checo.

Na fábrica só hai un problema: desexosa de vender cada vez máis zapatos, que exporta a todo o mundo, o cal pode entenderse, e non contenta con ter levado ao límite a racionalización do traballo, a empresa Baťa quere tamén dar a coñecer o seu nome por todos os medios, e emprega para tal efecto todos os recursos publicitarios imaxinables. Entre outras iniciativas fundou un equipo de fútbol, para que leve as cores da marca por todos os estadios. Isto a Emil tanto lle ten, pero por desgraza organizan tamén, cada ano, unha carreira pedestre denominada Circuito de Zlín na que deben participar todos os estudantes da escola profesional, ataviados con camisetas que levan o logotipo da empresa. E Emil detesta isto.

Horrorízao o deporte, en todas as súas formas. Trata case con desprezo os irmáns e amigos que dedican o seu lecer a patear obtusamente un balón. Cando algunha vez o obrigan a xogar, participa de mala gana, non sabe desenvolverse, non comprende as regras. Aínda que finxe interesarse, mira para outro lado tratando discretamente de evitar o balón, cuxa traxectoria non entende nunca. E se por desgraza chega ás súas pernas, Emil dálle unha boa patada para librarse del, en calquera dirección, con demasiada frecuencia na da portería do seu propio equipo.

Daquela, Emil non lle ve o menor interese ao Circuito de Zlín, participa nel só porque o obrigan, tenta por todos os medios zafarse deste fastío, pero en van. Por moito que finxa coxear unha hora antes da saída, alegando unha terri-

ble lesión no nocello ou no xeonllo para que o dispensen, por moito que faga acenos de dor e solte grandes xemidos, os médicos nunca se deixan enganar. Hai que ir, así que vai.

A Emil o deporte gústalle aínda menos porque o seu pai lle transmitiu a súa propia antipatía polo exercicio físico, que aos seus ollos só é unha completa perda de tempo e, sobre todo, de diñeiro. E a carreira pedestre xa é o súpumum: non só non serve absolutamente para nada, sinala o pai de Emil, senón que obriga a solar o calzado, o cal só lastra o orzamento da familia.

Ese orzamento –pai carpinteiro nun taller, nai ama de casa, sete fillos, sen un céntimo– Emil coñéceo perfectamente. No tocante ao deporte está de acordo co seu pai, quen, por outra banda, mellor que velo entrar na fábrica preferiría que fose mestre. Emil estaría disposto a presentarse ao exame, pero dende o século XVIII en Checoslovaquia o mestre é tradicionalmente un cantor que ten como principal labor ensinarlles a cantar aos nenos e facer que escoiten e coñezan a música. Pero Emil, por desgraza, canta que mete medo: suspenso de entrada. Daquela, Baťa.

Baťa, onde, fóra do desagradable asunto do Circuito de Zlín, o futuro de Emil comezaría a perfilarse de forma bastante prometedora, pero velaí que aparecen os alemáns. As bandeiras nazis invadiron a cidade, os seus portadores desfilan polas súas prazas, polas súas rúas, ata polas oficinas da fábrica de zapatos, onde toman o poder, coma en todas as partes. No laboratorio córtanse os fondos para investigación, suspéndense os ensaios que hai en curso, prohíbense os experimentos. Só lle queda continuar os estudos, aprobar os exames e, de momento, volver ao taller.

